



A tempada atlética

O concepto “tempada”, a efectos do presente Regulamento, abarca do 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano correspondente, ambos inclusive. Para unha maior claridade, como norma xeral e exceptuándose exclusivamente aqueles supostos en que se indique expresamente o contrario, todos os prazos que fagan referencia a materias relacionadas coa organización das competicións computaranse nos termos previstos no artigo 30 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. No caso dos prazos expresados en días, aclárase que o son sobre días hábiles, excluíndose xa que logo do cómputo os sábados, domingos e os días declarados oficialmente festivos na cidade sé da central da FGA (A Coruña).